




Consentimento

**Antes de
meternos
en materia,
responde!**



1— Cal dos seguintes aspectos é a causa principal das agresións sexuais?

- Andar soa pola noite
- O consumo de alcol e drogas
- Os lugares solitarios e a pouco iluminados
- A vestimenta
- Os sorrisos e o contacto visual
- Outra. Cal?



A RESPOSTA CORRECTA É...

« UPS »...NINGUNHA DELAS!

A única causa das agresións sexuais é o machismo, e os responsables unicamente os agresores!

2— Como sei se estou a xustificar as violencias sexuais?

Imos ver...



Está sendo tan pesado porque lle gustas.



Os homes sonche así.



Non sexas esaxerada, foi un toqueito de nada



Que che digan que non de entrada, non sempre significa non. Hai a moitas ás que lles gusta facerse as duras e que lles andes detrás. Encántalles andar a marearnos.



Eu flipo!
Andar bébeda e soa a esas horas pola rúa... como non vai pasar o que pasa.



Por enriba que lle din que está boa enfádase toda.



O da liberación sexual e tal ben, pero así vestidas, esas poses e bailes...é que van buscando polo menos que as miren. Logo pasa o que pasa e din que non van provocando!





Era o seu mozo e xusto cando a deixa anda a dicir que a agrediu. Pois moi traumatizada eu non a vin, que onte andaba por aí coas amigas. É resentimento, vinganza por despecho, seguro!

Pobre chaval, a ver como proba el agora que é mentira, porque basta que se inventen calquera cousa e xa vas preso!



Sóanche?

Pois normalizan e xustifican o acoso e as agresións sexuais.

E isto, sóache?

Eh, guapa!
Ui ui ui, ese cú!
Bótame un sorriso muller!
Onde vas tan soa e con tanta presa?
Acompáñote e así xa me dis o teu nome e teléfono, eh!
Ei, que estou falando contigo!
Pero non marches, para aí! Ven comigo!
Soberbia! Non es tan guapa eh!
Zorra!

É ACOSO NA RÚA!

E algunha vez escoitaches...?

Non vaias soa por aí pola noite, e moito menos por lugares escuros. Non te expoñas!


Non bebas tanto! Dígoo por ti eh, que andan os buitres por aí e logo es presa fácil.

Iso é demasiado provocativo! Sei que che gusta, pero logo eles se confunden e a mal parada es ti.

Pois limitan a liberdade das mulleres, poñendo sobre elas a responsabilidade de non ser agredidas.

Isto non vai de “educar” en como evitar que as violen, senón educar para que non se viole.

A CULTURA DA VIOLACIÓN,
que culpa ás vítimas das agresións sexuais,
debe rematar!



AGORA SI.

Imos aló con isto do **consentimento**

Todas e todos, incluso quen isto escribe, tivemos algunha experiencia na que un “fallo de comunicación” propiciou que un encontro sexual non fora positivo, incluso malo, confuso ou indesexable. **Vale.** Asumámolo, pero cambiémolo.



Aprender a pedir permiso e comunicar como queremos interactuar sexualmente é a base sobre a que construír dinámicas que garantan os nosos dereitos sexuais. E os nosos desexos tamén!

A boa noticia é que hai unha forma de establecer con claridade e nitidez se todas as persoas involucradas nun acto sexual participan porque queren, e como queren participar. **Sabes cal é? Exacto...**

O consentimento!



Que é?

O acordo verbal ou non verbal para participar, e en que condicións, nun acto sexual. Provéen da palabra consenso, a cal significa “**acordo mutuo**”; a única forma de asegurar a igualdade na toma de decisións.

Aprender a comunicar e consensuar como queremos relacionarnos é fundamental para garantir os nosos dereitos sexuais fundamentais. **Pero...ollo, os desexos non son dereitos!**

Si!	Tes dereito a establecer relacións e prácticas sexuais consensuadas e libres de violencias.
Non!	Ter sexo e acceso a corpos non é un dereito, é un desexo. E se a outra parte non quere... non é sexo, é agresión.

Fácil, non?

Si...e non. Debería selo, pero moitas veces as persoas, especialmente as mulleres, ceden a ter relacións sexuais aínda cando non lles apetece.



Pero por que?

- Por sentirse culpables se din NON.
- Por presión ou chantaxe por parte das súas parellas, ligues ou potenciais rollos.
- Por non estar seguras de como deter unha situación que xa se está dando.
- Por evitar pelexas.
- Porque pensan que teñen que cumprir.



Isto é tremendo, non si?

Especialmente porque o principal obxectivo do sexo é que todas as persoas involucradas o disfruten por igual. E non sempre se dá o caso.

Afondemos!

Hai veces nas que unha persoa forza un acto sexual despois de que se lle transmitira un NON. Outras, nas que se aproveita da situación na que se atopa a outra persoa, incapaz de verbalizar un NON (por exemplo, baixo os efectos do alcol ou outras substancias). Nestes casos, a agresión sexual é evidente. Mais, ás veces, a sutil liña entre o SI e o NON pode resultar confusa. É por isto que establecer un consentimento verbal, falado e claro é fundamental. Ao comezo, pode resultar estraño mais, como con calquera outra cousa, coa práctica, o proceso dialéctico de pensar, pedir e recibir permiso convértese en algo máis fácil, incluso de desfrute.

Por que é tan necesario?

Porque é a única forma de establecer que todas as partes involucradas nun encontro sexual o fan a gusto, de forma sa e consciente. **Se non é así, é agresión. E punto.**

Educar(nos) na importancia do consentimento é un requisito imprescindible para unha sexualidade ética, positiva, igualitaria e libre de estereotipos.

Pero isto tamén pasa por entender que a normalización da violencia sexual forma parte do noso día a día; constantemente chégannos imaxes, vídeos, comentarios e mensaxes onde se normalizan e lexitiman estas violencias. E, porno?

Así que, para rematar coas violencias sexuais cómpre desenvolver un pensamento crítico e reflexivo, informado e libre de estereotipos que guíen os nosos actos.

A quen aplica?

A todo o mundo! A todas as persoas e tipos de relacións. Dá igual se é un encontro casual ou continuado, se é xente que se está a coñecer, se son parellas novas ou se levan 50 anos. E, por suposto, aplica a todo tipo de prácticas sexuais, haxa ou non haxa penetración.

Benvidxs ao bo sexo!

QUE POR QUE? Pois porque o consentimento é **tremendamente sexy**. Algunha vez o pensaras? Pois si. O consentimento pasa, basicamente, por ser bo ou boa amante. **Si, como oes!**

Ao final, o **que te convirte nunha boa ou bo amante é comunicarte, observar, preguntar, ter interese no pracer da persoa** coa que estás, que lle gusta, o que che gusta a ti con ela... A práctica e as experiencias sexuais previas non o son todo!

Creme, hai quen leva moitísimos anos practicando, ou quen acumula unha lista quilométrica de xente coa que estivo... e non é bo ou boa amante. **Que por que?**

Pois porque poñen constantemente o seu pracer, gustos, intereses e desexos no centro, sen importarlle o pracer, gustos, intereses e desexos da persoa coa que se está relacionando.

E isto, con consentimento, non pasa. **Benvidxs ao bo sexo!**



AGORA TÓCACHE A TI!

.....
Selecciona a resposta que creas a correcta:

O consentimento debe ser...

- Afirmativo.** Expresado de forma positiva, activa e explícita.
- Específico.** Dáse para unha práctica en concreto, pero non é extensible a outras.
- Entusiasta.** Debe partir do desexo e non da compracencia.
- Voluntario.** Sen presión, coacción, chantaxe (emocional tampouco), manipulación...e sempre, sempre desde a consciencia e a lucidez (baixo os efectos do alcol ou outras substancias, é agresión).
- Reversible.** Pode cambiar en calquera momento.
- Procesual.** Tense que actualizar constantemente, todo o tempo!
- Todas as respostas son correctas.



A RESPONSA CORRECTA É...

Todas as respostas son correctas, e todas elas deben darse nun encontro sexual!. Se non se dan... NON HAI CONSENTIMENTO!

Vale, pero entón...COMO SEI CANDO É UN NON?

/Primeiro! Grava a lume na cachola que **o consentimento non é a ausencia dun NON MANIFESTO, senón a presenza dun SI ENTUSIASTA.**

Así que... **hai moitas formas de saber que NON é NON** sen que explicitamente se mencione un **N-O-N**. Vexamos algúns exemplos:

- ▶ Para
 - ▶ Non sei se me apetece
 - ▶ Que pereza
 - ▶ Non me atopo ben
 - ▶ Deixámolo para outro día
 - ▶ Non estou segura
 - ▶ Hoxe non teño ganas
- ▶ Espera
 - ▶ Déixame
 - ▶ Vaite
 - ▶ Non me toques
 - ▶ Afástate
 - ▶ Estaste poñendo pesado

/Segundo! Se a persoa...

Está paralizada...
Está en silencio...
Está esquivando...
Está borracha...
Está drogada...
Está durmida...
Non participa activamente...
Chora...
Grita...

é un NON!



**Agora
tócáche
a ti.**

A cultura da violación
ten que rematar!

Que fago se presencio unha agresión?

Sempre e cando sexa seguro ou non supoña un risco para ti e/ou para a persoa exposta á violencia...

- Mantén o contacto visual.
- Intenta analizar a situación, mantente alerta e fai que se perciba a túa presenza.
- Se valoras que a persoa sobre a que se exerce a violencia pode requirir da túa actuación, dirixete cara a ela e pregúntalle se está ben, se precisa algo.
- Failla saber á persoa agresora que rexeitas o seu comportamento e que as agresións non son tolerables baixo ningún concepto.
- De ser preciso, busca apoio. Chama a atención da xente do teu arredor.
- Contacta cos servizos especializados. Se estás nunha festa, concerto ou calquera espazo de ocio nocturno e hai un Punto Violeta, dirixete a el! Conta cun equipo especializado de atención psicolóxica e, desde aí, responderán as túas dúbidas, asesorarante e acompañarante no que precises. Se non, chama ao 112.

Se a situación entraña calquera risco para ti ou para a persoa sobre a que se exerce a violencia...


- Chama directamente ao 112 para poñer en coñecemento os feitos e solicitar a presenza das forzas e corpos de seguridade. Colabora prestando o teu testemuño sobre o acontecido.
- A actuación ante situacións de risco, tanto para a súa prevención como para a súa erradicación, son responsabilidade colectiva. Así que se es testemuña dunha agresión machista, actúa. Non sexas cómplice!


E se me agriden?

- Se queres e te sentes capaz, enfronta a situación, pero non esquezas que a túa seguridade é o primeiro! Con voz firme e expresión seria, indícalle que cese o seu comportamento, que a situación che resulta ofensiva ou violenta. Se algo non che gusta, aínda que sexa unha persoa coñecida, faillo saber con contundencia.
- Busca o apoio doutras persoas. Grita ou chama a atención das persoas que están arredor con palabras como “axuda”, “socorro”, “lume” ou facendo movementos corporais que transmitan que precisas que alguén interveña na situación.
- Diríxete a un Punto Violeta. Se estás nunha festa, concerto ou calquera espazo de ocio nocturno e hai un Punto Violeta, se estás en disposición de facelo diríxete a el! Conta cun equipo especializado de atención psicolóxica e, desde aí, responderán as túas dúbidas, asesorarante e acompañarante no que precisas. Se non, chama directamente ao 112.

Recursos e servizos especializados:

Emerxencias •	112 061 (médicas)
Garda Civil (EMUME) •	062
Policía Local •	981 610 001
Teléfono de atención a todas as formas de violencia contra as mulleres •	016 600 000 016 (WhatsApp)
Teléfono da Muller en Galicia •	900 400 273





Agora tóchache a ti.

Rememos a favor
da cultura do
consentimento e
contra a cultura da
violación!



Concello de  Oleiros